

# Proxecto EPÍSTOLA



**Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal**  
**Ficha documental da epistola de Florencio Delgado Gurriarán, a Valentín Paz-Andrade do**  
**12/09/1966**

**Colección:**

**Data:** 12/09/1966

**De:**

Florencio Delgado Gurriarán;

**Para:**

Valentín Paz-Andrade;

**Orixe:**

Guadalajara [nac. México] (local), Jalisco (estatal), México (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita:]

**Localización física:**Arquivo Familiar Paz Andrade

**Temáticas:**

Álbum de Galicia; *Le Bateau ivre*; Artes; Asuntos particulares; Literatura; «El cementerio marino»;

**Mencionados:**

Rosa Arciniega; Ramón Esturao; Arthur Rimbaud; Paul Valéry;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Florencio Delgado Gurriarán, a Valentín Paz-Andrade do 12/09/1966**

Guadalaxara, 12 Setembro 1966

Benquerido amigo:

Folgoume moito o ler o artigo de Rosa Arcimegas que che envíou con esta, xa que gaba (como é xusto) as túas dotes de conferenciante e o teu labor a prol da nosa Terra e da súa cultura. Mándocho por se ti non o coñeces.

Seguimos polas terras da Nova Galicia, aturando as saudades que me teñen comesto. Co meu traballo de sempre e viaxando polo noroeste da República Mexicana. De vez en cando sópranme as musas e fago algún cativo poema. Fixen unha tradución do «Bateau Ivre» de Rimbaud. Sigo facendo algúns «apuntes» poéticos das miñas viaxes.

No nº 9 de Grial apareceu unha tradución do «Cimiterio Mariño», feito por Lorenzana. Apuntábase que era a primeira feita en galego. Mais eu (que fixen outra publicada en Bos Aires o 52) escribinlles para desfacelo erro. No nº 12 acusaron recibo da miña aclaración e prometeu publicar a miña perífrasis.

¿Que hai de novo no pequeno mundo das nosas letras? ¿Cando ves por eiquí novamente? ¡Ogallá sexa axiña!

Moitos saúdos da miña xente para todos vosoutros. Lembranzas do Ramón Esturau a quen coñeciches nista. Unha forte aperta do teu amigo

Florencio Delgado Gurriarán

Francisco Mores (o da «Casa del Arte») vive agora no Carballiño, Mosquera 34.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.